



## ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DO 16/10/2023 (Ap na CP do 17/11/2023)

Da comezo a sesión ordinaria da Comisión Permanente, ás 13:30 horas (segunda convocatoria), na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, unha vez acadado o quórum preciso e coa seguinte

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (12/07/2023).
- 2.- Informe da Decana
- 3.- Aprobación, se procede, das solicitudes de matrícula parcial
- 4.- Aprobación, se procede, do acordo de aprobación, por parte da Comisión de Calidade, do informe anual de revisión do sistema pola dirección.
- 5.- Aprobación, se procede, do cambio no sistema de titorización do PAT dos graos da Facultade.
- 5.- Rogos e preguntas.

### ASISTENTES:

NOME	APELIDOS
JOSÉ ÁNGEL	ÁLVAREZ MOREIRA
LUCY	AMIGO DOBAÑO
GUSTAVO	BERGANTIÑOS CID
M. DOLORES	GARZA GIL
XOSÉ MANUEL	GONZÁLEZ MARTÍNEZ
MAR	GONZÁLEZ SAVIGNAT
CARLOS	DE MIGUEL PALACIOS
ANA	DE PRADO VÁZQUEZ
JACOB	SÁNCHEZ TRONCOSO
CARMEN	VÁZQUEZ PAMPÍN
MARÍA XOSÉ	VÁZQUEZ RODRÍGUEZ
MERCEDES	VILA ALONSO
JORGE	VILA BIGLIERI

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

MAR	RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ
-----	---------------------

OLGA	ALONSO VILLAR
GUSTAVO	BERGANTIÑOS CID

No primeiro punto da orde do día, aprobación, se procede da acta da sesión anterior (12/07/2023) a Decana pide a súa aprobación, se ninguén ten nada que corrixir ou engadir. A acta apróbbase por asentimento.

No segundo punto, informe da Decana, M. Dolores informa da matrícula para o curso actual, na que a oferta foi cuberta nas primeiras chamadas da CIUGA, dos problemas que está a xerar a implantación da nova aplicación de xestión académica (sigma), tanto en relación coa matrícula como a xeración de actas e doutros procesos administrativos, e que se trasladou á vicexerencia académica así como o malestar xerado. Por último, en relación coa acreditación dos graos, o 26 de setembro tivemos a visita da Comisión verificadora para Economía e acordamos enviar as modificacións solicitadas pola ACSUGA para ADE. Informa ademais de que hoxe mesmo se recibiu o informe provisional favorable do proceso de acreditación de economía.

No terceiro punto da orde do día, aprobación, se procede, das solicitudes de matrícula parcial, a Decana pide a aprobación das solicitudes que se indican de seguido e das que se remitiu a listaxe. Aclara que hai unha a maiores, que é a de Raquel Villar Boo, que presentou onte por rexistro, por motivos de conciliación familiar e de traballo, da que pide autorización para someter a aprobación tamén, para non ter que convocar outra permanente:

ÁLVAREZ MOREIRA	JOSÉ ÁNGEL
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	CYNTHIA
FERNÁNDEZ LORENZO	MERILY
GARCÍA DURÁN	ADRIÁN
MONTOTO VILARIÑO	SONIA
PARCERO NOVAS	ÁLVARO
PEREIRA GONZÁLEZ	CESÁREO
PÉREZ BASTOS	DIEGO
PÉREZ TAMAYO	BRENDA YOLY
POUSA DASILVA	LAURA
SILVA HOFFMANN	ALESSIA
SINEIRO CHAVES	ERIKA
SOLA FERNÁNDEZ	FRANCISCO
TRIGO RODRÍGUEZ	KILIAN
VÁZQUEZ ESMERODE	PAULA

Pide autorización ademais para que, no caso de xurdir algunha nova petición que estea debidamente fundamentada, se lle permita autorizala.

José Ángel Álvarez Moreira quere que conste en acta que el non vota por ser unha das persoas interesadas.

Apróbbase por asentimento.

No cuarto punto da orde do día, Aprobación, se procede, do acordo de aprobación, por parte da Comisión de Calidade, do informe anual de revisión do sistema pola dirección a Decana explica que efectivamente xa foi aprobada por dita comisión.

Apróbanse por asentemento.

No quinto punto da orde do día, Aprobación, se procede, do cambio do sistema de titorización do PAT (Plan de acción Titorial) dos graos da facultade: A Decana dalle a palabra á vicedecana de calidade, que explica que dado que o sistema parece que non está a funcionar todo o ben que debería, segundo o informe anual do PAT, a Comisión de Calidade considerou que sería máis operativo que a titorización fose centralizada no Decanato, concretamente na Vicedecana de Calidade, polo que, pide que se faga así.

No quinto punto, rogos e preguntas Xosé Manuel González Martínez expón que parece que hai problemas co gabinete psicopedagóxico, xa que non está a funcionar como debería. Lucy Amigo di que o programa PIUNE vai con moito retraso. José Ángel Álvarez di que o alumnado das delegacións se está movendo ao respecto.

Dende o Decanato se acorda facer a consulta sobre qué está a ocorrer.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión cando son as 13:30 h.

Vº e Pr.:

A Decana

A Secretaria